

Enquisa continua de ocupación hoteleira, estatística de ocupación no turismo rural. Datos definitivos 2006

COMUNICADO

Aumento dos viaxeiros e pernoitas en establecementos hoteleiros e casas de turismo rural no ano 2006

No ano 2006 aumentou a ocupación nos establecementos hoteleiros Galegos respecto ao ano anterior

Segundo datos definitivos da “Enquisa continua de ocupación hoteleira”, o número de viaxeiros entrados nos establecementos hoteleiros galegos no ano 2006 foi de 3,6 millóns, o que supuxo un incremento de 2,0% respecto ao 2005.

O número de viaxeiros entrados nos establecementos hoteleiros da provincia da Coruña foi de 1,6 millóns, o que supuxo un incremento interanual do 0,1%. Na provincia de Pontevedra e Lugo o número de viaxeiros aumentou nun 4,1% e 4,9% respectivamente, acadando a cifra de 1,2 e 0,5 millóns en cada caso. Pola contra, os viaxeiros dos establecementos hoteleiros da provincia de Ourense descenderon nun 1,2%, situándose en 0,3 millóns no ano 2006.

O número de pernoitas que realizaron aumentaron nun 2,1% respecto ao ano anterior. A evolución mais favorable das pernoitas en relación ao número de viaxeiros nas provincias da Coruña e Lugo derivou nun aumento da estancia media, que se situou nos 2,0 e 1,7 días respectivamente. Pola contra descendeu nas provincias de Ourense e Pontevedra, onde a estancia media dos viaxeiros acadou os 1,9 e 2,5 días.

No ano 2006 mas da metade dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de Galicia proceden do resto de España, que acadan o número de 1,8 millóns sen apenas variación respecto do ano anterior. Os viaxeiros residentes en Galicia aumentaron nun 3,6% ata acadar un número de 1,1 millóns, que representa o 31,5% do total. O número de viaxeiros estranxeiros aumentou en taxa interanual nun 4,4%, representando o 18,2% do total.

O Grao de ocupación por prazas se situou ao longo do ano 2006 nun 37,2%, o que supuxo un incremento do 2,2% respecto ao ano anterior. O grao de ocupación mais elevado atópase nas provincias de Pontevedra e da Coruña con porcentaxes de ocupación do 41,5% e 38,4% respectivamente. Nas provincias de Lugo e Ourense foi do 29,5% e 27,1%.

Esta evolución foi debida fundamentalmente ao incremento do número de viaxeiros e pernoitas, posto que as prazas ofertadas se mantiveron practicamente sen variación dun ano a outro. Particularmente descenderon nun 1,1% e 1,3% nas provincias da Coruña e Ourense, e aumentaron nun 0,9% e 1,2% nas provincias de Lugo e Pontevedra.

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Viaxeiros entrados	3.599.222	2,0%	100,0%
A Coruña	1.575.024	0,1%	43,8%
Lugo	484.995	4,9%	13,5%
Ourense	303.633	-1,2%	8,4%
Pontevedra	1.235.571	4,1%	34,3%
Pernoitas	7.758.043	2,1%	100,0%
A Coruña	3.208.053	1,0%	41,4%
Lugo	844.392	8,0%	10,9%
Ourense	567.877	-1,8%	7,3%
Pontevedra	3.137.728	2,6%	40,4%

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Viaxeiros entrados	3.599.222	2,0%	100,0%
Galegos	1.134.543	3,6%	31,5%
Resto de España	1.810.233	0,1%	50,3%
Extranxeiros	654.439	4,4%	18,2%
Pernoitas	7.758.043	2,1%	100,0%
Galegos	2.339.971	0,59%	30,2%
Resto de España	4.184.697	2,9%	53,9%
Extranxeiros	1.233.379	2,67%	15,9%

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Grao de ocupación prazas	37,2	2,2%	-
A Coruña	38,4	2,1%	-
Lugo	29,5	7,0%	-
Ourense	27,1	-0,5%	-
Pontevedra	41,5	1,4%	-
Establecementos abertos	1.450	-2,7%	100,0%
A Coruña	587	-4,4%	40,5%
Lugo	268	0,7%	18,5%
Ourense	171	-5,9%	11,8%
Pontevedra	425	-1,2%	29,3%
Prazas ofertadas	57.134	0,0%	100,0%
A Coruña	22.877	-1,1%	40,0%
Lugo	7.836	0,9%	13,7%
Ourense	5.730	-1,3%	10,0%
Pontevedra	20.691	1,2%	36,2%

Enquisa continua de ocupación hoteleira. 2006. Datos definitivos.

No ano 2006 aumentou o número de viaxeiros e pernoitas nas casas de turismo rural respecto ao ano anterior

Os datos definitivos de ocupación nas casa de turismo rural ofrecidos pola "Estatística de ocupación no turismo rural" no ano 2006 cifran o número de viaxeiros en 156,0 miles de persoas, o que supuxo un incremento do 4,5% respecto ao ano anterior. Os viaxeiros concéntranse nun 28,9% e 28,6% nas casa de turismo rural situadas nas provincias de Lugo e da Coruña respectivamente. Nas casas de turismo rural da Provincia de Pontevedra e Ourense se rexistraron o 23,7% e 18,7% dos mesmos.

O número de pernoitas que realizaron os viaxeiros das casas de turismo rural de Galicia ao longo do ano 2006 aumentou nun 4,2% respecto do 2005. Destaca especialmente o aumento do 10,9% e 3,7% rexistrado nas provincias de Lugo e da Coruña, aportando o 25,8% e 31,0% do número total de pernoitas no 2006 respectivamente.

O número de viaxeiros das casas de turismo rural procedentes de Galicia creceu nun 7,3% e representan ao longo do 2006 o 43,6% do total. Os viaxeiros residentes no resto de España representan o 46,2% do total, e experimentaron un descenso ao longo do 2006 dun 1,7%. O maior incremento rexistrouse no número de viaxeiros estranxeiros, que pese a incrementarse nun 26,6%, representan o 10,3% do total.

Pese a todo, o grao de ocupación por prazas descendeu nun 2,1% ata situarse en 17,0%.

Isto é debido principalmente ao aumento do 5,3% rexistrado no número de casas de turismo rural abertas, e que derivou a súa vez nun aumento do 6,4% no número de prazas ofertadas. As provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra aumentaron ao longo do ano 2006 as súas oferta de prazas nas casas de turismo rural nun 9,9%, 7,2% e 6,0% ata representar o 26,1%, 28,7 e 31,0% do total en cada caso. Pola contra as prazas ofertadas na provincia de Ourense descendieron nun 0,2%, representando o 14,2% do total.

Estadística de ocupación no turismo rural. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Viaxeiros entrados	155.910	4,5%	100,0%
A Coruña	44.553	4,5%	28,6%
Lugo	45.134	4,4%	28,9%
Ourense	29.207	2,3%	18,7%
Pontevedra	37.018	6,3%	23,7%
Pernoitas	352.254	4,2%	100,0%
A Coruña	109.147	3,7%	31,0%
Lugo	90.930	10,9%	25,8%
Ourense	55.339	0,8%	15,7%
Pontevedra	96.842	0,9%	27,5%

FONTE: IGE. Estadística do ocupación no turismo rural, 2006. Datos definitivos

Estadística de ocupación no turismo rural. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Viaxeiros entrados	155.910	4,5%	100,0%
Galegos	67.901	7,3%	43,6%
Resto de España	71.999	-1,7%	46,2%
Extranxeiros	16.008	26,6%	10,3%
Pernoitas	352.254	4,2%	100,0%
Galegos	117.273	7,27%	33,3%
Resto de España	201.742	0,5%	57,3%
Extranxeiros	33.238	18,57%	9,4%

FONTE: IGE. Estadística do ocupación no turismo rural, 2006. Datos definitivos

Estatística de ocupación no turismo rural. 2006. Datos definitivos.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	% total
Grao de ocupación prazas	17,0	-2,1%	-
A Coruña	20,2	-5,7%	-
Lugo	15,3	3,5%	-
Ourense	18,8	1,0%	-
Pontevedra	15,1	-4,8%	-
Establecementos abertos	478	5,3%	100,0%
A Coruña	127	8,1%	26,6%
Lugo	134	5,9%	28,0%
Ourense	67	0,9%	14,0%
Pontevedra	150	4,6%	31,4%
Prazas ofertadas	5.673	6,4%	100,0%
A Coruña	1.482	9,9%	26,1%
Lugo	1.630	7,2%	28,7%
Ourense	805	-0,2%	14,2%
Pontevedra	1.756	6,0%	31,0%

FONTE: IGE. Estatística do ocupación no turismo rural, 2006. Datos definitivos

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
 Complexo Administrativo San Lázaro s/n
 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
 Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
 FAX: 981.54.13.23
 Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
 e-mail: ige@xunta.es